

Medos Romero

Transgredir a perfección da luz,
o voo da ave lóstrego,
a friaxe total do po.
Desafiar o medo e a negrura.
Ser os ollos da noite,
a testa mesma,
canle, lomba e misterio.
Apaxear as precisas regañas
da súa pel como pedras
dun río infranqueábel.

(De A seitura dos tristes)

.

¡Se os sobrados gardaran o grito do seu esgazar,
cando o tempo quedo se detiña na dor
e elas atravesaban os campos en carne viva!
Logo ulaban á noite esnaquizándoa toda
coas unllas, coa forza dos ollos, ¡tan feridas!
Nada protexen as cruces dos seus puxigos luídos,
nin campá que rache a tarde por ningunha delas.
Non fica quen rabene soedade, a non ser esta roseira branca
que brinca e moe espuma de pedra sen paraxe.

(De Lenzo das madrugadas)

Serei a rosa apodrecida
no breve tempo,
a grima do lóstrego azulado,
o cadullo onde prende a mala herba,
a mala hora que atrae ós morcegos,
a besta ladria que salta valados.
Tamén serei o can en ouveo
presaxiando espantos.

(De Rendéome no tempo)

Antóllaseme o bafo
do alento dun lume
escaldándome os peitos
e bebo dun soño antigo
que anaga toda a segura
do meu ser.

(De Ámome en por min)